

**RESUMO DA ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
LINGUA GALEGA E LITERATURA
CURSO 2019-2020**

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">✓ Análise dos distintos traballos feitos polo alumnado.✓ Poderían facerse exames, vía telemática, da materia dada no 1º e 2º trimestre.
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">✓ Presentación de traballos escritos.✓ Realización de vídeos nos que o alumnado traballa a oralidade.✓ Realización de exames online, de ser o caso.
Cualificación final	<p>a) Alumnado coa 1ª e 2ª avaliación cualificadas positivamente:</p> <p>A cualificación final será a media aritmética das dúas primeiras avaliacións, á que se lle poderá sumar ata 2 puntos no caso de realizar satisfactoriamente todas as tarefas de repaso, reforzo e ampliación programadas durante o terceiro trimestre, segundo as seguintes indicacións:</p> <ul style="list-style-type: none">✓ Entrega todas as actividades en tempo e forma e recibe unha cualificación positiva de sobresaliente en todas elas: 2 puntos✓ Entrega todas as actividades en tempo e forma e recibe unha cualificación positiva a partir de 6: 1,5 puntos.✓ Entrega todas as actividades en tempo e forma e recibe unha cualificación positiva entre 5 e 6: 1 punto.✓ Entrega a metade das actividades propostas cunha cualificación mínima de 5 : 0,5 puntos.✓ Non entrega as actividades (e tiña dispoñibilidade técnica e competencial para o facer):0 puntos. <p>b) Alumnado con algunha avaliación que NON acada unha cualificación positiva:</p> <p>O alumnado que ten algunha avaliación cualificada negativamente permíteselle recuperala sempre que entregue o traballo que se lle indicou no período de confinamento, cunha cualificación de cinco. Para acadar máis nota terá que facer traballos e/ou exames telemáticos extras de maior nivel de esixencia e sempre previa solicitude á profesora.</p>

<p align="center">Proba extraordinaria de setembro</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Farase unha proba escrita sobre os contidos vistos ata a suspensión das clases.(13 de marzo), sempre que as condicións permitan facer a proba de xeito presencial. ✓ Poderase pedir a lectura dun libro proposto pola profesora que se cualificará mediante proba escrita de preguntas breves. ✓ Poderáselle facer exame online e/ou pedir traballos se non existise a posibilidade de asistir ó centro pola pandemia.
<p align="center">Alumnado con materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Non procede.
	<p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Non procede.
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Non procede.

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
<p align="center">Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Propóñense tanto actividades de repaso e reforzo dos contidos vistos na aula de xeito presencial, para o alumnado que presenta unha ou as dúas avaliacións anteriores cunha cualificación negativa. ✓ Outras tarefas máis creativas, especialmente para o alumnado que ten superadas as dúas primeiras avaliacións, como bootubers. ✓ Outras actividades que terá que realizar todo o alumnado. ✓ Tarefas para conmemorar algún día especial, como o Día Internacional do Libro, en coordinación co Club de Lectura, o Día das Letras Galegas, para que o alumnado se aproxime á obra e á figura de Ricardo Carvalho Calero, outras tarefas que teñan que ver co PLAN PROXECTA Donas de si ou o CONTRATO PROGRAMA de competencia lingüística.
<p align="center">Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Todo o alumnado ten conectividade ben de xeito directo a través de cable ou a través dos datos do móbil. ✓ Temos, segundo o horario modificado elaborado polo equipo directivo do centro, unha clase semanal, para solventar dúbidas, normalmente con videoconferencia, ben sexa por WEBEX ou calquera outra aplicación tipo SKYPE ou WHATSAPP, a través do teléfono, da AULA VIRTUAL, dos FOROS DE DÚBIDAS das diferentes tarefas e do correo electrónico.
<p align="center">Materiais e recursos empregados na teledocencia</p>	<p><u>MATERIAIS:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ O alumnado ten á súa disposición materiais e recursos variados. O profesorado partiu do material entregado de fichas que se ían pendurando na Aula Virtual. Elaboránselles resumos e presentacións claras e sinxelas sobre algúns dos temas reforzados ou que quedaran sen rematar, así como vídeos que se puxeron á súa disposición na Aula Virtual.

	<ul style="list-style-type: none"> ✓ Recomendádeselles algunha páxina web con exercicios de reforzo como <i>Ogalego.eu</i> e <i>Tintarras</i>. Dispoñen dos enlaces ás webs na Aula Virtual. ✓ Para libros de lectura aconséllaselles algunha biblioteca virtual á que poden acudir de balde como <i>Galicia le</i>. Dispoñen dos enlaces ás webs na Aula Virtual. <p style="text-align: center;"><u>RECURSOS:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ <u>AULA VIRTUAL</u>. Neste recurso teñen ao seu dispor as tarefas e moitas delas teñen que ser entregadas a través da aula virtual, onde se lles corrixen e se lles entregan unha vez corrixidas co fin de que visualicen os erros cometidos e as distintas anotacións da profesora. ✓ <u>FORO DE DÚBIDAS</u>. En cada unha das tarefas que se lles propón dispoñen dun FORO de dúbidas para resolvérllelas, ou mesmo se poden resolver entre as/os propias/-os compañeiras/-os ✓ <u>CORREO ELECTRÓNICO</u>. Emprégase este recurso para algún tipo de comunicado, para a entrega de vídeos ou calquera outra tarefa que “pesa” moito na aula virtual.
<p>Ferramentas de comunicación co alumnado e as familias</p>	<ul style="list-style-type: none"> ✓ <u>CISCO WEBEX MEETINGS</u> ou calquera outra aplicación para comunicacións co grupo, aclaracións de tipo xeral sobre metodoloxía, cualificacións ou dúbidas que formulen.. ✓ <u>SALA DE CONVERSA</u>. Ao comezo do confinamento, para manter o contacto co alumnado, mais foi substituído polas videochamadas ou videoconferencias por considerar de maior utilidade e eficacia. ✓ <u>ABALAR MÓBIL</u>. Tanto para comunicarse con alumnos/as concretos como para comunicarse cos responsables do alumnado, aínda que esta ferramenta foi substituída polo teléfono móbil por resultar máis operativo. ✓ <u>AULA VIRTUAL</u>. Ferramenta que empregamos para propoñer tarefas, devolución das mesmas e entrega das actividades corrixidas. ✓ <u>FOROS DE DÚBIDAS</u>. Para aclarar calquera cuestións que lle xorde ao alumnado. ✓ <u>TELÉFONO</u>. Especialmente por parte da profesora titora ou nalgún caso que consideramos de especial relevancia de comunicación coas familias, mais tamén para realizar videochamadas co alumnado por ser máis eficaz e eficiente. ✓ <u>CORREO ELECTRÓNICO</u>. Emprégase para comunicarnos co alumnado, para resolver dúbidas, recepción vídeos, bootubers, etc, tarefas que “pesan” moito na Aula Virtual.

3. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Fundamentalmente empréganse: ✓ Correo electrónico. ✓ Teléfono.
Publicidade	✓ Publicación obrigatoria na páxina web do centro e na aula virtual onde xa figura a Programación Didáctica Anual